




Concello de Mugardos

ANUNCIO

O sr. Alcalde, con data 24.06-2021 dictou a seguinte RESOLUCIÓN con número 2021/0677, cuxa parte dispositiva se transcribe:



CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO PARA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2021.

Tendo en conta a recomendación de realizar de xeito telemático, sempre que sexa posible, a realización de actos e reunións laborais, institucionais, etc, establecida no apartado 3.14 do anexo da ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 99-bis de 28.05.2021).

Vista a relación de expedientes concluídos dispostos polo Secretario, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Atendido que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

E tendo en conta o establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente, RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, que sé levará a cabo de xeito telemático, o día 30 de xuño de 2021 ás 9.00 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día.

Para a conexión das/os Sras./Sres Concelleiras/os, remitirase á súa dirección de correo electrónico corporativo, con carácter previo á celebración da sesión, un enlace para o seu acceso á mesma; conexión que se verificará con ao menos 10 minutos de antelación á hora fixada para o inicio da sesión, aos efectos de realizar unha comprobación do funcionamento axeitado da mesma e de levar a cabo a toma de razón de asistentes pola Secretaría.

SEGUNDO. Que o Secretario leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación dos membros da Corporación.





Concello de Mugardos

TERCEIRO. Fixar o seguinte

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 26.05.2021 (7/2021).
- 2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA
- 3.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE A ATENCIÓN MÉDICA NO CENTRO DE SAÚDE DE MUGARDOS
- 4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 535/2021, 536/2021, 551/2021, 2021/0619, 2021/0626, 2021/0627, 2021/0645 E 2021/0671.
- 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELLEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 517/2021 Á 672/2021, AMBAS INCLUSIVE.
- 6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.

